



Congreso de Educación de Down Galicia
**"É o momento de crear a sociedade
que queremos desde as escolas"**

**Emprego Con Apoio
mostra a súa fortaleza
durante a época estival**

**As entidades sociais lanzan
unha campaña a través de EAPN
para reivindicar o Terceiro Sector**

**Actividades na contorna,
deporte e novos convenios para
fomentar a participación**

Índice

Cheo absoluto e ideas de alto nivel no Congreso de Educación	2
Emprego Con Apoio mostra a súa fortaleza durante o verán	7
EAPN lanza unha campaña para reivindicar o Terceiro Sector	9
Down Vigo inicia unha nova etapa estreando nova sede	11
Down Lugo vive un verán cheo de deporte e convivencia	13
Xuntos e Vaipolorío unen forzas para coidar o río dos Gafos	14
Down Compostela coida a saúde ocular xunto a Miranza	15
Down Coruña enche a época estival de actividades na contorna	17
Down Ourense recibe axuda do Fondo Sabadell para emprego	18
‘Mulleres Teimudas’ contra a dobre discriminación	20
Séguenos, subscríbete e contacta	21

© Publicación da Federación Down Galicia

Textos e deseño realizados polo Departamento de Comunicación





ESPECIAL · CONGRESO DE EDUCACIÓN

“A educación inclusiva será unha realidade cando ningunha familia deba loitar polo dereito á educación do seu fillo ou filla”

Santiago converteuse na fin de semana do 24 e 25 de outubro no epicentro do debate sobre educación inclusiva coa celebración do Congreso “Construíndo o futuro da educación: un dereito para todos e todas”, organizado por Down Galicia.

Nun momento no que os retos sociais e educativos se fan cada vez máis visibles, é urxente reflexionar, compartir experiencias e construír estratexias comúns que garantan unha educación de calidade para todo o alumnado. É por iso que este congreso foi pensado como un espazo de encontro, diálogo e formación arredor da realidade da educación en Galicia e dos desafíos que supón acadar unha inclusión educativa real.

Durante dúas intensas xornadas, profesionais de renome a nivel estatal como Gerardo Echeita, Coral Elizondo e Antonio Márquez compartiron coñecementos e experiencias arredor da escola inclusiva, abordando cuestións clave como o Deseño Universal para a Aprendizaxe (DUA), a neurodiversidade ou os retos da participación social.

O Congreso contou tamén con Nuria Aparicio, vicepresidenta da asociación Solcom, e do avogado Juan Rodríguez Zapatero, referente na defensa do dereito á educación inclusiva.

Ademais, houbo espazo para mesas de experiencias nas que centros educativos de Galicia e outras partes de España, alumnado e familias compartiron situacións e boas prácticas postas en marcha no sistema educativo.

Un programa repleto de contidos de interese

Trala apertura institucional, na que participaron Delmiro Prieto González, presidente de Down Galicia; Judith Fernández Novoa, Directora Xeral de Ordenación e Innovación Educativa; e Pedro Blanco Lobeiras, Delegado do Goberno en Galicia, tivo lugar a conferencia inaugural “Cumpre o sistema educativo español coa Convención?”, na que Nuria Aparicio deu conta do incumprimento sistemático de España con este tratado internacional no eido da educación.

Ese mesmo día, Rodríguez Zapatero interveu cun relatorio sobre a evolución da xurisprudencia en materia de educación inclusiva, na que analizou os principais avances legais e os desafíos pendentes para garantir unha escola que acolla e valore a diversidade.

Seguidamente da súa intervención, as persoas participantes puideron desfrutar dunha mesa redonda sobre a realidade da educación inclusiva en España, da que formaron parte Lucio Calleja Bachiller, Subdirector General de Cooperación Territorial e Innovación Educativa do Ministerio de Educación, Formación Profesional y Deportes, así como os relatores Juan Rodríguez Zapatero e Nuria Aparicio. Cómpre dicir que a Consellería de Educación tamén estaba convidada a formar parte este espazo de debate, mais declinou a súa participación.

A xornada do venres finalizou cunha mesa de experiencias protagonizada por alumnado e familias, que buscaba poñer en valor a importancia da contorna social e dos apoios. Por un lado, Rosa e Óscar, dous estudantes dun instituto de Ferrol, compartiron a historia da súa amizade con Sara e Daniel, dous mozos coa síndrome de Down, e a súa implicación persoal na busca da súa participación na sociedade, e trasladaron propostas de mellora no eido inclusivo para o profesorado e demais persoas asistentes. Por outro, Sonia González, nai dunha moza coa síndrome de Down, relatou o paso da súa filla por un sistema educativo que nunca lle prestou os apoios axeitados a pesar do potencial co que contaba.

A segunda xornada estivo dedicada ás conferencias de Gerardo Echeita, Coral Elizondo e Antonio Márquez, nas que compartiron co público asistente os seus amplos e interesantes coñecementos sobre inclusión. Echeita conseguiu que as persoas alí presentes reflexionen sobre a construción de contornas nas que todas as persoas se sintan parte activa da comunidade, un enfoque que non só favorece a inclusión no ámbito educativo, senón que tamén fortalece o tecido social, e animounos a “crear a sociedade que queremos desde as escolas”. Elizondo, pola súa parte, animou a reflexionar de forma profunda sobre o valor da diversidade e a necesidade dunha ética inclusiva, reivindicando “unha educación que non busque homoxeneizar, senón transformar”. Por último, Márquez presentou o DUA 3.0. como unha ferramenta práctica e transformadora, centrada no deseño de actividades accesibles para todo o alumnado, e formulou desafíos prácticos cos que as persoas asistentes puideron adquirir coñecementos dun xeito áxil e divertido.



Durante o día tamén se levaron a cabo tres mesas de experiencias nas que participaron o CEIP Chano Piñeiro (Gondomar), o CEIP Nosa Señora de Xuvencos (Boborás), o CEIP Antonio Magariños (Cambados), o CEIP P. Mestre Ramiro Sabell (Ponteareas), o IES Antón Losada Diéguez (A Estrada) e o IES de Quiroga (Quiroga). A través destes espazos, o público presente puido coñecer de primeira man as iniciativas de éxito no eido da inclusión levadas a cabo nas diferentes etapas educativas destes centros educativos galegos, así como a importancia da perspectiva de centro para construír unha escola para todos e todas.

A última intervención do día correu a cargo do CEE Asprona de Almansa (Albacete), que compartiu a súa experiencia e o seu esforzo para reconverterse nun centro de recursos para a escola ordinaria, coa fin de contribuír, desde o seu coñecemento, experiencia e boas prácticas, á transformación dos centros de educación especial a un sistema verdadeiramente inclusivo. Ademais, compartiron unha experiencia concreta do funcionamento desta sinerxía entre o Centro de Educación Especial e un centro ordinario da súa contorna.

Un programa repleto de contidos de interese

Tras dúas sesións de interesante contido, Pepa Lockhart, unha estudante coa síndrome de Down e membro de Down Compostela, deu lectura ás conclusións extraídas das dúas xornadas deste Congreso:

- A educación inclusiva será unha realidade cando ningunha familia deba loitar polo dereito á educación do seu fillo ou filla
- A educación inclusiva non é un principio, é un dereito das persoas con discapacidade, independentemente dos apoios que necesite. Iso nunca pode ser unha escusa
- A inclusión necesita valentía e decisión dos poderes públicos
- É necesaria a reconversión dos Centros de Educación Especial a centros de apoio nun sistema educativo único
- A diversidade é a realidade e a educación é a dignidade das persoas
- A educación inclusiva é a vontade colectiva de facela suceder
- O importante nunha aula son as cualidades, non os informes
- O alumnado é un dos recursos máis potentes para a inclusión
- No corazón da inclusión está o sentido de pertenza
- Cada persoa aporta á aula a súa propia identidade
- O DUA non é unha receita de recursos, é un compromiso ético coa diversidade
- O DUA non se limita a eliminar barreiras visibles, tamén nos obriga a cuestionar as barreiras invisibles
- A inclusión non se improvisa, deséñase
- A escola inclusiva non se mide polo que se adapta, senón polo que transforma
- Imos crear a sociedade que queremos desde as escolas
- Non nolo están a poñer doado, pero estamos dispostos a loitar e a conseguilo

Pola súa banda, Delmiro Prieto, presidente de Down Galicia, quixo destacar a modo de conclusión que “o que non avanza, retrocede; e se a inclusión educativa non avanza é porque está indo cara atrás no conxunto do Estado”. Prieto engadiu que “só cabe esperar que a inclusión progrese na medida na que o profesorado asuma o reto de poñela en marcha e levala ás aulas para facela efectiva”. O presidente da Federación concluíu que “non se pode esperar polas administracións porque soamente retardan procesos e, en moitos casos, estorban”.



Pepa Lockhart no momento da lectura das conclusións



[ACCEDE ÁS FOTOS DO CONGRESO DE EDUCACIÓN](#)





As entidades de EAPN lanzan unha campaña para achegar o Tercero Sector á cidadanía e poñer en valor o seu papel esencial na sociedade

EAPN Galicia vén de lanzar este outono a campaña #OrgulloTerceroSector para reivindicar o labor das entidades sociais como un dos axentes fundamentais na transformación social e na prestación de servizos sociais, acceso ao emprego ou a vivenda.

Ao escaso coñecemento súmase a existencia de prexuizos cara o traballo das entidades que conforman o Tercero Sector. A isto engádese o feito de non consideralo como un axente económico esencial que crea emprego e riqueza. Resultado desta idea son as discriminacións nalgúñas convocatorias, nas que non se ten en conta as características das entidades sociais e os perfís cos que se traballa.

O Tercero Sector: xerador de emprego e riqueza

As entidades que forman parte do Tercero Sector de Acción Social son un axente máis do sistema de servizos sociais, de emprego, acceso a vivenda, sanidade etc. Caracterízanse por unha atención individualizada e integral, poñendo o foco na persoa, respectando tempos de intervención e as súas casuísticas. O sistema de traballo nos servizos sociais, pola súa idiosincrasia, non posibilita esta atención centrada na persoa, como si o fan as entidades do Tercero Sector.

O “Barómetro del Tercer Sector de Acción Social, en España 2024” publicado pola Plataforma de ONG de Acción Social revelou que o Terceiro Sector move máis do 2% do PIB en España, traducidos en máis de 19 mil millóns de euros que ingresa anualmente este sector. Segundo este estudo, realizáronse 47 millóns de intervencións no ano 2023.


Asemade, o Terceiro Sector contribúe na xeración de emprego: neste último ano máis de 600.000 persoas estiveron empregadas e 1,4 millóns traballaron de forma voluntaria.

Achegar o Terceiro Sector á cidadanía

O Terceiro Sector é un dos grandes descoñecidos na sociedade en xeral. Mostra disto, atopámolo nos vídeos que lanzamos polas redes sociais. Pequenas pezas audiovisuais que evidencian o escaso coñecemento da cidadanía a través de entrevistas a persoas escollidas aleatoriamente pola rúa. As respostas da cidadanía son un claro exemplo da visión paternalista e voluntaria das ONGs que segue a estar moi estendida na nosa sociedade.

Con esta campaña preténdese derribar estes mitos, mostrando o traballo fundamental das entidades sociais. Da man das persoas traballadoras e participantes, proporcionarase información veraz e rigorosa do seu labor social.

A rede de EAPN téceña entidades que traballan con distintos grupos poboacionais en situación de vulnerabilidade. Pero todas elas teñen presente a causa común: a defensa pola igualdade, os dereitos e a xustiza social. Sempre centradas na persoa como protagonista e dona da súa evolución persoal.



Emprego Con Apoio abriu portas este verán a persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual en empresas galegas

As entidades que forman parte da Federación Down Galicia celebraron este verán un feixe de insercións laborais que amosan, unha vez máis, que o programa de Emprego Con Apoio é unha vía sólida para fomentar a inclusión, derrubar prexuízos e abrir portas a proxectos de vida máis autónomos e independentes.

En Down Vigo, Flor asinou o seu primeiro contrato indefinido como persoal de limpeza no centro de adestramento persoal .activ Vigo. Especializada en limpeza, e con experiencia previa en postos de atención ao público, afronta esta nova etapa con moita seguridade: encárgase de manter impecables as instalacións tres días á semana, compatibilizando o traballo coa súa participación en programas formativos de Down Vigo. Para ela, o mellor desta oportunidade é “poder gañar cartos e, quen sabe, algún día vivir de forma independente”.

En Down Lugo, Laura transformou un mes de prácticas no Gran Balneario de Guitiriz —do grupo Iberik Hoteles— nun contrato laboral. A súa implicación e bo facer fixeron posible que se convertese en parte do equipo, vivindo unha experiencia que describen como moi satisfactoria para todas as partes.

En Down Ourense, Esteban incorporouse á Estación de Servizo Petronor – Repsol de Ribadavia. Esta contratación enmárcase no convenio estatal entre Down España e Repsol, que aposta por postos de traballo reais, con responsabilidades claras e formación práctica no día a día.

En Down Coruña, Adela e Cristina tamén se beneficiaron do convenio con Repsol. Este verán traballan en diferentes estacións de servizo realizando tarefas esenciais como reposición de produtos, mantemento e limpeza de espazos, revisión de baños e xestión de residuos.

Finalmente, tamén en Down Coruña, Diego Martínez vén de iniciar unha nova etapa como conserxe no Centro Cívico de Santa Lucía, grazas á colaboración de A Billarda S.L. Diego traballa de forma totalmente autónoma, responsabilizándose do mantemento e atención das persoas usuarias do centro. Ademais, compaxina este emprego coa preparación para as oposicións, demostrando constancia e visión de futuro.

Desde Down Galicia, agradecemos a todas as empresas implicadas, grandes compañías e pequenos negocios, o seu compromiso coa inclusión laboral das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais.



Adela, de Down Coruña, no seu posto de traballo

Down Vigo inicia unha nova etapa coa apertura da súa nova sede no Casco Vello da cidade

Down Vigo comezou o curso cunha ilusión renovada coa apertura da súa nova sede na Rúa Real, 27, en pleno corazón do Casco Vello de Vigo. Tras dous anos de obras de rehabilitación, a entidade retomou o 8 de setembro a súa actividade habitual nun espazo pensado para ofrecer máis calidade, máis visibilidade e mellores condicións ás persoas usuarias, ás familias e ao equipo profesional. O novo edificio, cedido pola Zona Franca, marca un antes e un despois na traxectoria da asociación, tanto polo seu valor simbólico como polo impacto social que representa.

O pasado 18 de xullo celebrouse o acto institucional de entrega do edificio, no que participaron o delegado especial do Estado na Zona Franca de Vigo, David Regades; o presidente de Down Vigo, Francisco Xavier Aparicio; o vicepresidente, Iván Giráldez; e o director xerente, Roberto Campo. O acordo formaliza a colaboración entre Zona Franca e Down Vigo para facer realidade un proxecto que é exemplo de cooperación entre o tecido económico e o social da cidade.

“Unhas instalacións coma estas obrígnanos a ser un centro de referencia para Vigo e para todas as entidades sociais”, destacou Aparicio, quen subliñou tamén “o valor simbólico de estar no corazón da cidade, abríndonos á comunidade e facendo visible a inclusión cada día”.

Pola súa banda, David Regades sinalou que “esta alianza con Down Vigo é un dos proxectos máis satisfactorios da Zona Franca e demostra que o desenvolvemento económico non ten sentido sen desenvolvemento social”.

A nova sede conta con máis de 1.100 metros cadrados distribuídos en planta baixa e tres andares. O edificio foi completamente rehabilitado por Zona Franca, cun investimento próximo aos tres millóns de euros, e destaca pola súa accesibilidade, eficiencia enerxética e deseño luminoso. A planta baixa acolle a recepción e o proxecto dunha cafetería formativa, mentres que os andares superiores albergan aulas, espazos de atención temperá, áreas de formación e emprego, aulas multisensoriais e un auditorio para actividades comunitarias.

O inmovible, rehabilitado pola empresa Civis Global, forma parte do plan de recuperación do Casco Vello e representa tamén unha contribución á revitalización desta zona histórica. Con esta apertura, Down Vigo deixa atrás unhas instalacións que quedaran pequenas para atender ás máis de 200 familias da entidade e avanza cara a un modelo de centro aberto, moderno e participativo.

O novo edificio é, en palabras do seu presidente, “moito máis ca unha sede: é un espazo de encontro, de aprendizaxe e de futuro”. Un símbolo da forza do movemento asociativo e do compromiso compartido por institucións, profesionais e familias para seguir facendo de Vigo unha cidade máis inclusiva.



ZONA FRANCA
VIGO

*Vémonos en
setembro!*

DOWN ---
Vigo Asociación
Síndrome
de Down

Fachada da nova sede de Down Vigo, que abrangue dous edificios do Casco Vello

Down Lugo vive un verán cheo de deporte e aprendizaxes compartidas

O mes de xullo converteuse nun espazo privilexiado de aprendizaxe, lecer e convivencia para Down Lugo. A entidade apostou por un calendario cheo de actividades deportivas, culturais e sociais que permitiron ás persoas participantes explorar novos intereses, reforzar vínculos e participar activamente na vida da cidade.

Un dos eixos principais foi o deporte na comunidade, co apoio de entidades locais que abriron as portas á diversidade:



Membros de Down Lugo nunha actividade de lecer

– No ximnasio Esculture, o grupo achegouse ao boxeo da man de Toni, combinando exercicio físico, coordinación e moita diversión. A experiencia foi nova para moitas persoas usuarias, que superaron medos iniciais e gozaron dunha disciplina tan completa como estimulante.

– Tamén probaron a esgrima co Club Lugo Esgrima, onde, co equipo e as instrucións necesarias, tiveron unha primeira toma de contacto cun deporte de precisión e respecto, adaptado ás súas necesidades.

– Unha das actividades estrela foi a xornada de piragüismo co Club de Piragüismo Cidade de Lugo, que lles permitiu experimentar a sensación de remar en equipo, manter o equilibrio e conectar coa natureza.

– Por outra banda, grazas a Team Maxi, as persoas participantes puideron iniciarse no tenis, descubriendo un deporte dinámico que favorece a concentración, a coordinación e o traballo individual.

Estas propostas deportivas completáronse con outras experiencias que tamén contribuíron á inclusión e ao benestar: clases de bailes urbanos organizadas polo Concello, saídas fotográficas polas rúas de Lugo, visitas culturais, sendeirismo, tardes de xogos de mesa e actividades creativas na sede da entidade.

Entre as accións máis motivadoras destaca a elaboración de xoguetes para cans, que serán doados a protectoras da costa de Lugo. Unha actividade que combina habilidades manuais, conciencia social e moita ilusión.

Down Pontevedra Xuntos e Vaipolorío unen forzas a través dun convenio para o coidado do patrimonio natural da cidade

A asociación Down Pontevedra Xuntos e a entidade ecoloxista Vaipolorío veñen de asinar a finais de setembro un convenio de colaboración que permitirá sumar esforzos no coidado e conservación do río dos Gafos, así como na posta en valor da súa historia e riqueza natural.

O acordo arrincou oficialmente o luns 29 de setembro cunha primeira xornada de traballo conxunto, que tivo lugar ás 10:30 horas diante da estación de autobuses de Pontevedra. Nesta actividade, persoas usuarias de Xuntos participaron na limpeza do sendeiro e na retirada da herba da pampa (Cortaderia selloana), unha especie invasora que ameaza o ecosistema do Gafos. A acción completouse con nocións básicas sobre a flora e fauna da zona, permitindo ás persoas participantes coñecer mellor a biodiversidade deste espazo natural tan querido pola cidadanía.

Segundo explicou o portavoz de Vaipolorío, Xosé Feijoo, o traballo céntrase inicialmente na retirada dos plumachos da herba da pampa para evitar que as sementes se espallen co vento. Nunha segunda fase, prevese arrincar as plantas máis pequenas de forma manual e recorrer a medios mecánicos para retirar as máis grandes.

A colaboración con Down Pontevedra Xuntos supón un paso adiante para ambas entidades, que xa desenvolveran actividades conxuntas en ocasións anteriores. Agora, grazas ao convenio, haberá un calendario estable de accións compartidas que permitirá implicar ás persoas con síndrome de Down e discapacidade intelectual no coidado activo do patrimonio natural da cidade.

Durante a primeira xornada, as persoas participantes percorreron tamén o sendeiro para descubrir outras especies vexetais, como o lúpulo ou o loureiro, e coñecer de primeira man os retos que supoñen outras plantas invasoras presentes na contorna, como a Tradescantia zebrina (“planta cebra”).

Este inicio de colaboración é un exemplo de enriquecemento social e cultural en Pontevedra, que combina o compromiso ambiental co impulso da participación comunitaria e inclusiva.



Primeira xornada colaborativa entre Xuntos e Vaipolorío

Miranza Instituto Gómez-Ulla e Down Compostela reforzan a colaboración para coidar a saúde visual das persoas con discapacidade intelectual

A Fundación Down Compostela e Miranza Instituto Gómez-Ulla reforzan a súa alianza para mellorar a saúde visual das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais. Froito deste convenio, unha trintena de persoas usuarias da Fundación participaron esta semana nunha xornada de exploración ocular gratuíta realizada polo equipo de especialistas de Miranza Instituto Gómez-Ulla.

Estas revisións, efectuadas nas instalacións da Fundación, forman parte dunha estratexia de seguimento integral e personalizado que ten como obxectivo principal facilitar un acceso cómodo e adaptado á oftalmoloxía especializada, garantindo así o benestar visual e unha mellor calidade de vida das persoas atendidas.

A doutora María Santiago, oftalmóloga de Gómez-Ulla, foi a encargada de liderar as avaliacións, que incluíron probas completas de visión: análise do estado da córnea, estudo da refracción e control doutros aspectos clave que permiten unha detección precoz de calquera alteración visual.

Estas exploracións permiten anticiparse a posibles complicacións, reforzando así a autonomía persoal e a inclusión e participación social das persoas do colectivo.

Entre os retos de saúde que aparecen con maior frecuencia neste colectivo atópanse as cataratas, tendo as persoas coa síndrome de Down dez veces maior risco de sufrir esta enfermidade visual fronte á poboación xeral. Ademais, son máis propensas a desenvolvela na infancia temperá, sendo máis do 70 % conxénitas, é dicir, antes do nacemento.

Este colectivo presenta tamén córneas máis finas e irregulares, o que favorece o desenvolvemento do queratocono, unha patoloxía na que a capa superficial do ollo adquire unha forma cónica, en lugar de redondeada, que diminúe a visión.

Máis alá das ondas

O acceso a revisións oftalmolóxicas periódicas, especialmente desde idades temperás, é fundamental para garantir o desenvolvemento visual adecuado das persoas coa síndrome de Down. Por iso, un dos piares desta colaboración é tamén a sensibilización sobre a importancia de acudir ao oftalmólogo durante os tres primeiros meses de vida. Se non se detecta ningunha patoloxía ocular, a seguinte revisión recoméndase aos dous anos e medio, con seguimentos oftalmolóxicos anuais a partir dese momento durante todas as etapas da vida.

O Instituto Gómez-Ulla e a Fundación Down Compostela comparten o compromiso de traballar en rede para garantir que as persoas coa síndrome de Down poidan gozar dunha atención médica de calidade, adaptada e próxima. Esta colaboración súmase a outras iniciativas de saúde e benestar impulsadas por ambas entidades para contribuír ao desenvolvemento integral de cada persoa.



Foto de familia tras as revisións realizadas

Down Ourense recibe o financiamento do Fondo Sabadell para a formación e inserción laboral de persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual

A asociación Down Ourense recibiu o recoñecemento do Banco Sabadell e Sabadell Asset Management – Grupo Amundi ao ser seleccionado o seu programa de Formación laboral e Emprego Con Apoio para recibir financiamento a través do Fondo Sabadell Inversión Ética y Solidaria FI. Ao acto de entrega, celebrado o 16 de setembro na sede corporativa de Banco Sabadell en Madrid, asistiu Susana Rodríguez Moreiras, xerente de Down Ourense.

A entidade social ourensá obtivo a través desta convocatoria unha axuda de 13.488,79 euros, que beneficiou de maneira directa a 42 persoas con síndrome de Down e discapacidade intelectual. As persoas participantes no programa recibiron formación para mellorar a súa empregabilidade e/ou obtiveron apoio ou ferramentas nos seus postos de traballo para reforzar a súa autonomía laboral.

O Fondo Sabadell Inversión Ética y Solidaria FI destinou 341.897 euros a 24 entidades de toda España nesta última edición, tras recibir máis de 200 solicitudes. As iniciativas seleccionadas abranguen non só a inserción laboral e social, senón tamén a saúde, a educación ou a atención a persoas en situación de vulnerabilidade.

O acto do Banco Sabadell contou coa participación do director xeral adxunto e director da Territorial Centro de Banco Sabadell, José Manuel Candela; o CIO de Sabadell Asset Management, José Antonio Pérez; o director de Negocio Institucional de Banco Sabadell, José Luis Montesino-Espartero; e a presidenta de Cruz Roja Española, María del Mar Pageo. Susana Rodríguez Moreiras, xerente de Down Ourense, foi a encargada de recibir o recoñecemento en forma de talón a favor da asociación.



Entrega do Fondo Sabadell a Down Ourense e resto de entidades

Down Coruña aproveita o verán na cidade para realizar múltiples actividades na contorna

Explorar a cidade, descubrir novas paixóns e sentirse parte activa da comunidade. Con estas premisas, Down Coruña desenvolveu este verán tres actividades singulares que teñen como eixo común a inclusión e a participación no entorno: marcha nórdica, judo e danza. Cada unha destas propostas, en colaboración con entidades comprometidas, busca non só ofrecer experiencias enriquecedoras senón tamén fortalecer a autonomía, o benestar e a visibilidade dos participantes.

Marcha nórdica con AMI

No marco do programa “Explorando a cidade”, dezaseis persoas usuarias participaron nunha actividade de iniciación á marcha nórdica no Paseo dos Pontes, da man da Agrupación de Montañeiros Independentes (AMI). A xornada, conducida pola técnica deportiva Rebeca xunto ao equipo da entidade, combinou exercicio físico e coordinación percorrendo un camiño accesible ata o Millennium.

A marcha nórdica, para moitas persoas participantes, era unha disciplina descoñecida. Con todo, a experiencia foi ben acollida e vivida como unha oportunidade para coñecer algo novo, mellorar a forma física e, sobre todo, gozar en grupo. A práctica demostrou ser un xeito de fomentar a autonomía e a motivación a través do deporte.

Judo para todos no Gimnasio Fibra

En xullo, Down Coruña viviu unha nova experiencia inclusiva cunha sesión de iniciación ao judo no Gimnasio Fibra. A actividade, guiada por José Ramón, Borja e Desi, permitiu achegarse a esta arte marcial desde o respecto, a disciplina e a cooperación, valores centrais tanto no deporte como na inclusión social.

Para moitas persoas participantes, foi a primeira vez sobre un tatami, e a acollida non puido ser mellor. A través de xogos, exercicios guiados e moito entusiasmo, compartiron aprendizaxes e superaron pequenos retos. “Ver como gozan, aprenden e se senten parte de algo positivo é a mellor recompensa”, sinalaba José Ramón ao finalizar.

Danza en Artestudio

O escenario de Artestudio acolleu unha actuación moi especial co inicio do verán: o peche do curso de danza protagonizado polo alumnado da entidade. Un espectáculo cargado de emoción, resultado dun proceso artístico guiado por Laura Santamariña e Lúa Cárdenas, onde cada ensaio foi construíndo vínculos, confianza e expresión persoal.

A coreografía representou non só o aprendido en termos de movemento, senón tamén o valor do traballo en equipo e o orgullo de compartir co público o esforzo realizado. Un dos momentos máis destacados foi ver como cada participante amosaba a súa personalidade sobre o escenario, facendo do espectáculo unha auténtica celebración colectiva.



Xornada de marcha nórdica, que rematou ao pé do Millennium

O proxecto 'Mulleres Teimudas' de Teima procura loitar contra a dobre discriminación

Mulleres Teimudas é un proxecto impulsado por Teima Down Ferrol dirixido a apoiar ás mulleres con síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais na súa etapa adulta mediante itinerarios personalizados que fomentan a autonomía, a participación social e a preparación para o emprego. O programa busca reducir a dobre discriminación por xénero e discapacidade e mellorar a calidade de vida das participantes, acompañando cada proceso desde unha perspectiva integral e comunitaria.

Este ano participaron 18 mulleres de entre os 19 e os 43 anos. O proxecto deseñouse como un acompañamento próximo nas zonas de orixe das participantes para facilitar o acceso a recursos de lecer, actividades de voluntariado e espazos de participación, ao tempo que se traballan competencias prácticas e sociais para a vida cotiá.


As accións concretas que compoñen os itinerarios inclúen: acompañamentos personalizados para a participación social; formación e prácticas de autonomía persoal e urbana (uso do transporte público, manexo do móbil e redes sociais, e mellora da lectoescritura); mediación familiar; e actividades para reforzar habilidades orientadas ao emprego. O enfoque é moi práctico e centrado nas necesidades persoais, combinando obradoiros, saídas e atención individualizada.

Os resultados sinalan melloras na autonomía e na participación das mulleres participantes, así como un reforzo do seu acceso a recursos comunitarios e oportunidades de inclusión social e laboral. A visibilidade do programa axuda tamén a poñer en valor as necesidades específicas das mulleres con discapacidade e as respostas que ofrece Teima.





Séguenos

DownGalicia.org 

Facebook.com/DownGalicia 

X.com/DownGalicia 

Instagram.com/DownGalicia 

Youtube.com/DownGalicia 

Flickr.com/DownGalicia 

Subscríbete

[Recibe a Revista de Down Galicia no teu correo!](#) 

Contacta

O Departamento de Comunicación de Down Galicia é o encargado de confeccionar, publicar e difundir todo evento ou aspecto noticioso das entidades membro da Federación. Non dubides en poñerte en contacto co mesmo no enderezo **comunicacion@downgalicia.org**.

Subvencionado por



[Consulta a nosa política de privacidade](#)

